



## Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 15018148  
**CENTRO:** CPI de Atios - Valdoviño - A Coruña  
**PROGRAMA:** Contratos-programa  
**ESTADO:** Admitido  
**VERSION:** 9

### A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

**O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:**

#### Introdución

O CPI de Atios en Valdoviño pertence a Rede de Centros Certificados sendo o único centro público de Galicia no que se imparte EI, EP e ESO.

Está situado nun contorno rural e costeiro, próximo a unha zona urbana. O contexto no que está a exercer a súa acción educativa o CPI de Atios é dunha clase social media-baixa, cunha concepción da escola na paseniñamente conseguimos que se fomente a convicción sobre o seu carácter educativo, ademais do asistencial, pero aíndaloxe da filosofía que debe presidir a relación familia-escola.

Podemos afirmar que o nivel de participación das familias no Centro é alto nas convocatorias feitas polo profesorado en relación a plantexamentos educativos individuais e máis baixo cando se trata de convocatorias de carácter xeral.

Existen tamén algúns casos de desconexión total coa escola.

A ANPA aporta a súa colaboración e ofrece servizos de organización das actividades extraescolares de tarde, aportación de material, saídas, concursos e actividades complementarias.

A procedencia do noso alumnado é a seguinte: un 75% procede das parroquias máis próximas á capital municipal: Meirás, Lago, Valdoviño, Sequeiro e o 25% restante de Pantín, Vilarrube, Loira e Vilaboa.

Os de Pantín, Loira, Lago e Valdoviño incorpóranse ao CPI en EI, o resto unha vez que remata no CRA de O Esquio. En 1º Ciclo de EP os de Meirás e en 2º Ciclo de EP o resto.

Hai unha proporción bastante equilibrada entre nenos e nenas e teñen como lingua materna o galego nun 80%. Hai unha relación moi directa entre os resultados escolares do alumnado e o nivel cultural das familias; así, no seo de familias cunha composición estable e nivel cultural medio ou medio-baixo, prodúcense bos resultados de rendemento escolar, do mesmo xeito que o alumnado con dificultades de aprendizaxe está adscrito a unha clase social baixa ou moi baixa, con problemas de estabilidade que supoñen carencias afectivas e de estímulos ambientais para o alumnado.

O absentismo escolar e a puntualidade son satisfactorios. En moitos casos por motivos de traballo das familias, o alumnado pasa o tempo de lecer só, a cargo de irmáns ou dos avós.

Contamos con xornada continua, o alumnado do centro, de 3 a 16 anos, supera os 450 e aproximadamente un 14 % presenta limitacións máis ou menos graves na súa capacidade de aprendizaxe. O persoal pasa dos 60 contando profesorado, PAS, coidadores e persoal de cociña e comedor.

No curso 04/05 entramos na Rede de Centros de Calidade acadando a Certificación de AENOR o curso 06/07. No 12/13 realizamos a segunda auditoría de renovación e obtivémola para tres cursos máis. Este curso celebramos o 40 aniversario.

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 15018148  
**CENTRO:** CPI de Atios - Valdoviño - A Coruña  
**PROGRAMA:** Contratos-programa  
**ESTADO:** Admitido  
**VERSION:** 9

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

### 4. MELLORA DO NIVEL DE COÑECEMENTOS PARA ACADAR A

#### a) Razóns que xustifican a necesidade desta actuación.

Neste centro hai diversidade de alumnado, en algúns casos alumnos que presentan destacadas capacidades e motivación para aprender, que polo xeral non son atendidas na aula ordinaria, debido precisamente a ampla diversidade e a que estes mesmos alumnos avanza solos, chegando incluso a perder interese.

O obxectivo destas actuacións será atender a este alumnado con destacadas capacidades e motivalo para mellorar aínda máis, así coma fomentar o seu interese polo ámbito científico-tecnolóxico.

As familias son moi colaborativas en todas as actividades promovidas polo centro educativo, prestando o seu tempo e os seus medios para elas. Esta actividade é moi ben acollida polas familias e polo alumnado sobre todo de primaria.

Con este programa preténdese colaborar con outros centros coma o CPI de San Sadurniño, facendo talleres conxuntos e concursos entre centros.

Pretendemos participar en concursos a nivel provincial e autonómico sobre robótica e programación, pois é unha forma de motivar ao alumnado a seguir aprendendo e progresando no coñecemento. Por exemplo: Inventa en Galego (Igaciencia), Concursos de Sensores con Lego e Arduino (Igaciencia), Concursos de robótica con Lego (Fundación Barrié), Concursos de programación con Scratch (Colexio de Enxeñeiros informáticos)...

#### b) Obxectivos que se perseguen nesta actuación.

**Enuméreos, ata un máximo de 5.**

Desenvolver o pensamento lóxico aplicando as competencias básicas (lingüística e matemática) para aprender os fundamentos da programación.

Desenvolver métodos (en moitos casos matemáticos) para solucionar problemas de maneira metódica e ordenada.

Desenvolver o hábito de autoavaliar e coavaliar o seu traballo e establecer modificacións para melloralo.

Desenvolver capacidades para por en dúbida as propias ideas.

Obter resultados complexos de programación a partir de ideas simples.

Traballar de forma autónoma e ao seu ritmo en función das súas capacidades e intereses.

Aprender de forma colaborativa a través do intercambio do coñecemento.

#### c) Medidas concretas que se van desenvolver.

**Enuméreas, ata un máximo de 5.**

Recoñecer os elementos que compoñen un robot educativo (Lego NXT) e como poden captar información do entorno e transmitila ao elemento de control.

Realizar pequenos desafíos (retos) de programación do robot de Lego.

Plantexar desafíos propios, poñelos en práctica e comprobar se o resultado obtido é o esperado.

Investigar que robots podemos atopar no noso entorno próximo e que tipo de sensores empregan.

Realizar tomas de datos do entorno cos sensores de lego e analizar os resultados aplicando coñecementos matemáticos e científicos.

Coñecer outros entornos de programación sinxelos coma o Scratch.

Introdución a programación con ferramentas on-line coma o APP Inventor.

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 15018148  
**CENTRO:** CPI de Atios - Valdoviño - A Coruña  
**PROGRAMA:** Contratos-programa  
**ESTADO:** Admitido  
**VERSION:** 9

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

**O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:**

Introdución a programación con Arduino.  
Para máis información ver contidos na Aula Virtual do CPI de Atios  
<http://www.edu.xunta.es/centros/cpiatios/aulavirtual/course/view.php?id=123>  
(chave:arduino)

## d) Alumnado ao que vai destinada esta actuación.

**Indique o número aproximado de alumnos/as implicados/as.**

60

**Indique os cursos que participarán nesta actuación.**

Alumnos de 4º de Primaria  
Alumnos de 5º de Primaria  
Alumnos de 6º de Primaria  
Alumnos de 1º da ESO  
Alumnos de 2º da ESO  
Alumnos de 3º da ESO  
Alumnos de 4º da ESO

## e) Profesorado implicado.

**Indique o número de docentes que participarán activamente nesta actuación.**

8

**Indique os equipos ou departamentos participantes.**

Juán Ramón Alonso García (Audición e linguaxe-Mestre primaria)  
Laura Adela Fernández Blanco (Mestra primaria)  
Francisco Cordido Insua (Mestre Primaria)  
Andrés Manuel Díaz Prieto (Dep. Matemáticas-secundaria)  
Daniel Díaz Viqueira (Dep. Música-secundaria)  
David Eiroa Ouviaña (Dep. Bioloxía-secundaria)  
Tania María Ruanova Suárez (Dep. Física e Química-secundaria)  
Mª Reyes Montero Vale (Dep. Tecnoloxía-secundaria)

## f) Horario no que se desenvolverá a actuación (fóra do horario lectivo).

**Anote o número de horas semanais.**

2

**Describe detalladamente a distribución horaria na que se desenvolverá a actuación.**

As actividades desenvolveranse no 2º e 3º trimestre do curso 2014-15.  
Educación Primaria, os martes pola tarde de 5 a 6 h.  
Educación Secundaria, os xoves pola tarde de 3:45 a 4:45 h

## g) Orzamento.

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 15018148  
**CENTRO:** CPI de Atios - Valdoviño - A Coruña  
**PROGRAMA:** Contratos-programa  
**ESTADO:** Admitido  
**VERSION:** 9

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

### Gastos de funcionamento (describa as necesidades desta actuación).

3 robots educativos Lego EV3  
3 kits de sensores para toma de datos de LegoEV3(temperatura, cor, rotación...)  
4 ARDUINOS UNO REV3  
4 kits de sensores para Arduino (humidade, tacto, son, luz...)  
Memorias USB para o alumnado participante, co obxecto de gardar os traballos feitos e os programas empregados.  
Material fotocopiabile.

### Gastos de funcionamento (exclúese o equipamento informático).

1500

## h) Indicadores (sinale como mínimo 1 deles).

**Porcentaxe de alumnos/as que seleccionan as materias optativas relacionadas coa actuación.**

80

**Porcentaxe de aumento da participación en premios relacionados coa excelencia.**

80

**Porcentaxe de aumento do alumnado participante doutros centros educativos.**

50

**Porcentaxe de mellora da media académica do grupo de referencia do alumnado implicado.**

80

**Porcentaxe de mellora dos resultados académicos da avaliación de xuño respecto da 1ª avaliación.**

80

**Porcentaxe de mellora dos resultados de participación en premios á excelencia.**

80

**Porcentaxe de mellora dos resultados do alumnado participante nas competencias básicas traballadas.**

80

**Sinale outro, se o desexa:**

80% do alumnado que opta por materias relacionadas co ámbito científico-tecnolóxico, ou continuar os estudos de Ciclo ou Bacharelato nas opcións do ámbito tecnolóxico.

# Proxecto

**CÓDIGO DO CENTRO:** 15018148  
**CENTRO:** CPI de Atios - Valdoviño - A Coruña  
**PROGRAMA:** Contratos-programa  
**ESTADO:** Admitido  
**VERSION:** 9

## A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s: